

# Polideportivo



## RUGBY

HOXE 11:00h - A DEBESA  
LIGA GALEGA SUB 16

# M. LOSADA

M U L T I M A R C A

Guitiriz

[www.automovilesmlosada.com](http://www.automovilesmlosada.com)





# As seleccións Galegas nutríronse de potencial e xogadores lucenses

En baloncesto os cadetes masculino alzáronse co quinto posto no Nacional disputado en Huelva, mentres que a Sub 14 de fútbol asinou un pleno de vitorias

Huelva volveu ser, por cuarta vez nos últimos cinco anos, a provincia encargada de acoller o Campionato de España de seleccións cadete e infantil, entre os días 3 e 7 de Xaneiro. Os combinados, masculinos e femininos, citáronse na provincia andaluza tras unha breve concentración a finais do mes de decembro en Marín, no caso dos cadetes, e A Estrada, os infantís.

A representación lucense fíxose notar en tres dos catro combinados. Así, o cadro cadete masculino contou coa presenza de ata catro xogadores da provincia: O mariño Iker Sama, do CB Ría de Ribadeo, e os estudiantís Dani Gómez, Álvaro Rodríguez e Mikel Ducun. Nos combinados infantís as celestes Aroa Piñeiro e Laura Martín formaron parte do cadro feminino, mentres que Diego Serguei e Julián Longarela, de Maristas, acompañaron ao adestrador Javi Peinó no conxunto masculino.

O cadro infantil masculino proclamouse campión do grupo Preferente logo de impoñerse nos catro encontros da lixuíña previa, e tras superar a Murcia na final por 80-66. Os de Javi Peinó debutaron na primeira xornada cun claro triunfo ante Castilla la Mancha -54-94-, e continuaron coa súa impecable andaina na primeira fase tras superar con contundencia a País Vasco -81-47-, Ceuta -4-55- e Melilla -80-41-. Na final polo título de campión Preferente agardaba Murcia, primeira clasificada do outro grupo, e os galegos impuxéronse tras ir sempre por diante no marcador e coa aportación anotadora de Julián, con 9 puntos, e Diego Serguei, máximo realizador do conxunto de Peinó con 15 puntos.

Non tivo tanta sorte o conxunto infantil feminino, que debutou con derrota ante Asturias -39-63-. As galegas souberon repórtese e na súa segunda xornada lograron a vitoria ante Baleares por 59-67. Tras unha gran primeira parte na que lograron un colchón de 13 puntos ao descanso, as infantís aproveitaron a renda na segunda metade para lograr o primeiro triunfo no campionato, con minutos para Aroa e Laura, que anotou cinco puntos. As derrotas nos dous últimos partidos da lixuíña previa, ante os fortes combinados de Cataluña e Madrid, privaron ás infantís de loitar nas eliminatorias, conseguindo a

oitava posición na clasificación final tras gañar a Aragón no derradeiro encontro por 62-44.

As cadetes, pola súa banda remataron na novena posición. Encadradas nunha lixuíña previa moi forte con Comunidad Valenciana, Madrid, País Vasco e Cataluña, caeron na primeira xornada ante as levantinas por 41-59, mentres que na segunda, tras comezar gañando o encontro ante Madrid, acusaron o esforzo físico tralo intermedio e remataron perdendo 44-65. No partido ante País Vasco un mal comezo das galegas condicionou o resto do encontro, que rematou 44-65. No partido contra Cataluña, que pechaba a súa participación no campionato, as cadetes amosaron todo o seu potencial competitivo ante un rival fisicamente mellor que comezou cun 11-0 a favor. Ao descanso o marcador era de 22-20, pero na segunda parte o conxunto catalán soubo aproveitar a súa superioridade para pechar o encontro, 65-37.

Gran actuación do conxunto cadete masculino, que rematou a súa participación no campionato cun balance de dúas derrotas e tres vitorias, na quinta posición global. Os Sub 16 comezaron a súa andaina no campionato cun axustadísimo triunfo ante Comunidad Valenciana -59-58 nun encontro cun final agónico que se decidiu sobre a bucina. Dani (4 puntos), Iker (9), Mikel (4) e Álvaro, con ata 7 rebotes, contribuíron no triunfo do combinado. Ese mesmo día os galegos enfrontáronse a Andalucía, nun partido moi serio cun alto ritmo que se decantou tan só nos intres finais, cando empezaron a fallar as forzas. Acostumados aos finais de infarto, os cadetes repetiron a fazaña para levarse o triunfo no terceiro encontro, fronte a País Vasco, cun 73-71. A derrota ante a Madrid por 89-59 deixaba aos galegos lonxe da loita polos 4 primeiros postos, pero puideron pechar a súa participación no campionato cunha vitoria que lles deu o quinto posto tras superar a Castilla y León por 82-65 nun partido no que Iker Sama foi un dos máximos anotadores con 11 puntos.

## Fútbol base

Entre os días 27 e 29 de Decembro as Seleccións Galegas masculinas Sub 14 e Sub 16 citáronse nas instalacións do Mundial 82 de Logroño para a disputa da primeira fase

do Campionato de España.

Os combinados autonómicos enfrontáronse ás seleccións de País Vasco e A Ríoxa, anfitriño desta cita, e tras varias sesións de traballo previas, cada selección contou cunha convocatoria final de 18 xogadores. No cadro Sub 14, o seleccionador David Paez, citou a tres representantes da Provincia: Álex Villamor, Manu Ferreiro e Jose Rey, xogadores do Club Deportivo Lugo. Mentres que na selección Sub 16 o meta Víctor Arosa representou ao club albivermello.

Tras un adestramento previo no escenario desta primeira fase, ambos equipos fixeron o seu debut o pasado día 27 fronte á Ríoxa con vitoria. O combinado Sub 14 superou ao conxunto anfitriño por 2-0, nun partido que os de David Paez dominaron de principio a fin e no que Álex Villa e Manu Ferreiro saíron de inicio. A selección Sub 16, pola súa banda, fixo o propio ante o conxunto rioxano para levarse o triunfo por 3-0, participando o porteiro Víctor na segunda metade.

Na segunda xornada, no encontro que os enfrontaba a País Vasco, os infantís leváronse a vitoria por 0-3 mentres que os cadetes caeron 3-1. Estes resultados, pese aos dous triunfos do combinado euskera fronte á Ríoxa no derradeiro día de competición, deixan a Galicia como primeira do Grupo D nesta primeira fase do Campionato de España. Así, o combinado autonómico será anfitriño da segunda fase, que se disputará entre os días 6 e 8 de marzo nunha sede aínda por determinar.

Encadradas ambas seleccións con Extremadura e Ceuta, a Sub 14, tras gañar os dous encontros da primeira fase, é unha das favoritas para alcanzar a fase final. Os de David Paez buscarán gañar os dous encontros para asegurar a súa clasificación, xa que Extremadura é un dos equipos que pode desbancar a Galicia. Máis complicado o ten o combinado Sub 16, xa que unha derrota deixaría practicamente fóra da fase final aos cadetes que, obrigados a gañar os dous encontros, deberán tamén agardar que lle favorezan outros resultados. Iso si, xogar na casa esta segunda fase será un punto a favor para os galegos.



## RUGBY

Hoxe, A Devesa  
LIGA GALEGA SUB 16

Derbi lucense no primeiro encontro do 2020 nunha Liga Galega Sub 16 á que lle restan dúas xornadas para rematar. No partido de ida o Muralla Rugby impúxose ao Be One Ribadeo 38-24, polo que os mariñáos buscarán facer valer o factor campo no encontro de volta que se disputará hoxe a partir das 11:00 horas no Campo da Devesa.

O Muralla Rugby Club tamén volve á competición na categoría Sénior masculina na que os capitalinos visitan ao Club Rugby Ferrol esta tarde a partir das 16:00 horas no Estadio da Malata nun encontro correspondente á Liga Galega Sénior masculina.

Por último, os máis novos. A Escola de Rugby Muralla desprázase esta fin de semana a Ourense para realizar unha nova concentración ao longo do día de hoxe con comezo a partir das 11:00 horas.



## BILLAR

### COMPETICIÓN BILLAR

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE
Eq. Liga G. A	Bolita Nocturna	Revestimientos Raposo
Eq. Liga G. A	Flama	Bad Bugs
Eq. Liga G. A	Pub Omega	Cantimploras
Eq. Liga G. A	Dovalitos	Os Afíllados
Eq. Liga G. A	Tania y Bandidos	Mouchos
Eq. Liga G. A	D'Vuelta	Pigeons.es
Eq. Liga G. B	NANADECO	Open-Tiempos
Eq. Liga G. B	Bar Charlie	Como Sempre
Eq. Liga G. B	DOEL	Pulpería Mónica
Eq. Liga G. B	O Braseiro	Bar Luna
Eq. Liga G. B	Chámalle X	Pingos
Indv 1ª-2ª	Óscar López	Jose A. Cazón
Indv 1ª-2ª	Carlos Palmeiro	Joquín de Santiago
Indv 1ª-2ª	Alejandro Doval	Carlos Fraga
Indv 1ª-2ª	Jose M. Díaz	Borja López
Indv 1ª-2ª	Jorge Blanco	Pablo R. Mondelo
Indv 3ª-4ª	Juan P. Rábade	Luis Rguez
Indv 3ª-4ª	Justo Pérez	Carlos Vázquez
Indv 3ª-4ª	Andres González	Enrique Freire
Indv 3ª-4ª	Jose M. Basanta	Samuel Yanes
Indv 3ª-4ª	Jose A. Sampayo	Alfredo Mosteirín
Indv 3ª-4ª	Jaime Fontal	Dragomir Lionel
Indv 3ª-4ª	Amalia Buide	Héctor Fornes
Indv 3ª-4ª	Adrián Fuentes	Mar Expósito
Indv 3ª-4ª	Laura Sarai	Ángel Doural
Sénior OP	Rubén Fdez	Diego Ferreiros
Sénior OP	Fernando Ríos	Justo Rguez
Sénior OP	Carlos Hermida	Rodrigo García
Sénior OP	Víctor Castro	Carlos Clares
Sénior OP	Jaime Fontal	Manuel Rey
Sénior OP	Enrique Freire	Jose Capón
Sénior Omega	Jose R. Gallego	Jorge Tella
Sénior Omega	Gonzalo García	Jose Anido
Sénior Omega	Montse Novo	Alberto Ramallal
Sénior Omega	Jose M. Murias	Celso Anido
Sénior Omega	Rafael Vidal	Alfonso Lombardía
Sénior TM	Samuel Yanes	Patrick Río
Sénior TM	Alfredo Mosteirín	Jose A. Sampayo
Sénior TM	Dragomir Lionel	Jose Manuel Díaz
Sénior TM	Susana López	Alberto Rguez
Sénior TM	Jose Cazón	Diego Rguez
Sénior TM	Amalia Buide	Amable Ramos
Sénior TM	Manuel Pérez	Jaime Fdez
Liga Local	Siglo XXI	Scucus
Liga Local	Bolita y Bolita	Billar Pool
Liga Local	Poolmonia	Santa Lagaña
Liga Local	Falcons	Santa Compañía
Liga Local	Latin Spain	Nanadeco



## BALONCESTO



### Xaneiro CURSO ÁRBITRO OU OFICIAL MESA BALONCESTO

Lugo é cidade de baloncesto e para todos aqueles que queiran vivir esta experiencia desde outro punto, pódense facer árbitro ou oficial de mesa, xa que durante este mes de xaneiro a Federación Galega de Baloncesto impartirá un curso de árbitros e oficiais de mesa na delegación de Lugo. Este será o primeiro curso do ano 2020, é de carácter gratuito e estará dirixido por Cristian Martín Vázquez, árbitro lucense que dirixe partidos de LeB Ouro e Liga Feminina Endesa; contará cun profesorado experimentado en competicións FEB e ACB e o curso comezará o día 20 de xaneiro ás 19.00h no salón de actos da casa do deporte (Avda. Infanta Elena). Para máis información ou inscrición contactar con arbitrosLugo@fegaba.com ou no teléfono 606334367.

### COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga Día	El Pastor	Ensino	Ángel Nieto	Hoxe 18:00h
Liga EBA	Porriño	Estudiantes	Porriño	Hoxe 20:15h
Liga EBA	Valladolid	Chantada	F. de la Mora	Hoxe 20:30h
1ª División M.	BBCA	Viveiro	J.G. Noya	Hoxe 18:00h
1ª División M.	Cambre	Celtas	Cambre	Hoxe 18:00h
1ª Júnior M.	Peleteiro	Estudiantes	Montouto	Hoxe 10:00h
1ª Júnior M.	Tui Mascato	Ensino	Tui	Mañá 17:00h
1ª Júnior F.	C. Mariano	Ensino	Marcote	Mañá 17:00h
1ª Júnior F.	Celta Zorka	Estudiantes	Vigo	Mañá 19:00h



## BALONMÁN

### COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Territorial M.	CB Viveiro	Sar Plastic	San Cibrao	Hoxe 17:00h
2ª Xuv. M.	BM Lucus	BM Camariñas	C. Deporte	Hoxe 12:30h
2ª Cad. M. 1	BM Lucus	Abegondo	C. Deporte	Hoxe 10:30h
2ª Cad. M. 2	BM Arousa	CB Viveiro	Carril	Hoxe 17:30h
2ª Inf. M.	CP Lucense	BM Camariñas	C. Deporte	Hoxe 9:30h
2ª Inf. M.	Abegondo F40	CB Viveiro	Abegondo	Mañá 11:00h
Alev. Mixto	CP Lucense	Xallas FC	C. Deporte	Mañá 10:30h



## TENIS MESA

### COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. Nacional	CTM Milagrosa	Serinte	Frigsa	Hoxe 17:00h
2ª Div. Nacional	CD Dez Portas	Arteal	Frigsa	Hoxe 17:00h
2ª Div. Nacional	Bembrive	CTM Milagrosa	Vigo	Mañá 10:30h
3ª Nacional	Conxo	TM Ribadeo	Conxo	Hoxe 16:30h
3ª Nacional	CD Dez Portas	Rábade	Frigsa	Hoxe 17:00h
1ª Div. Masc.	TDM Vilalba	San Ciprián	Vilalba	Hoxe 17:00h
1ª Div. Masc.	CD Dez Portas	CTM Milagrosa	Frigsa	Mañá 11:00h



## FÚTBOL SALA

### COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. M.	Burela	Osasuna	Vista Alegre	Hoxe 18:30h
1ª Div. F.	Poio	Burela	Poio	Hoxe 20:00h
2ª Div. B. M.	Prone Lugo	Narón	Lugo	Hoxe 20:00h
2ª Div. B. M.	Ribeira	Tres Cuñados	Lugo	Hoxe 17:00h
2ª Div. B. M.	Albense	Xove	A. de Tormes	Hoxe 18:00h
3ª Nacional	Outeiro de Rei	ED Vigo	Municipal	Hoxe 19:30h
3ª Nacional	Barreiros	Lugo Sala	Municipal	Hoxe 18:30h
3ª Nacional	Vilalba	Bueu	Vilalba	Hoxe 19:00h
Preferente M.	Casás	Guitiriz	Municipal	Mañá 17:00h
Preferente M.	Alto do Vento	Begonte	Sta. Isabel	Hoxe 20:00h
Preferente M.	Quiroga	Noia B	Municipal	Hoxe 18:00h
Preferente M.	Castroverde	Ordés	A Ferreira	Hoxe 20:00h
Preferente M.	Meigallos	Villa de Cee	Sarria	Hoxe 17:00h
Preferente M.	Rábade	Club del Mar	Rábade	Hoxe 17:00h
Preferente F.	Celanova	Monterroso	Pedra Moa	Mañá 18:00h
Preferente F.	Vilalba	Carballiño	Municipal	Mañá 13:15h
Aut. Xuv. M.	Coruxo	Ribeira	Vigo	Mañá 12:00h
Aut. Xuv. M.	Poio	Begonte	A Seca	Hoxe 16:00h
Aut. Xuv. M.	Meigallos	Pecheches	Sarria	Hoxe 19:00h
Aut. Xuv. M.	Vilalba	Carballiño	Municipal	Mañá 11:15h
Aut. Cad. M.	Hércules	Guitiriz	S.F. Javier	Hoxe 18:30h
Aut. Cad. M.	Burela	Culleredo	Burela	Hoxe 19:30h
Aut. Cad. M.	Ribeira	Casás	Palomar	Hoxe 19:30h
Aut. Cad. M.	O Parrulo	Lugo Sala	A Malata	Mañá 17:30h
Aut. Cad. M.	Meigallos	Liceo	Sarria	Mañá 17:30h
Aut. Cad. F.	Amarelle	Castro	Santiago	Hoxe 20:00h
Aut. Inf. M.	Hércules	Guitiriz	S.F. Javier	Hoxe 20:00h
Aut. Inf. M.	Burela	Troula	Burela	Hoxe 16:30h
Aut. Inf. M.	Ribeira	Lumieira	Palomar	Hoxe 18:00h
Aut. Inf. M.	O Parrulo	Lugo Sala	A Malata	Mañá 16:00h
Aut. Inf. M.	Meigallos	Liceo	Sarria	Mañá 19:00h
Aut. Inf. F.	Dumbria	Burela	Dumbria	Mañá 16:00h
Aut. Inf. F.	Ribeira	Narón	C. Deporte	Hoxe 19:45h
Aut. Inf. F.	Amarelle	Castro	Santiago	Hoxe 16:00h
Aut. Alevín	Burela	Troula	Burela	Hoxe 18:00h
Aut. Alevín	Ribeira	Casás	Palomar	Hoxe 16:30h



## VOLEIBOL

### COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Gal. M	Vila Castro	Emevé	Ourense	Mañá 12:00h
2ª Gal. F	Vagalume	Emevé	Ferrol	Hoxe 20:00h
1ª Xuv. F	CV Bruxas	Ribeira Sacra	Ames	Mañá 10:30h
1ª Xuv. M	Ribeira Sacra	CV Vigo	A Pinguela	Mañá 12:00h
2ª Xuv. F	Korbis	Ribeira Sacra	A Pinguela	Hoxe 18:00h
2ª Xuv. F	Ribeira Sacra	CV Vigo	A Pinguela	Mañá 10:00h
1ª Cad. F	Korbis	Ribeira Sacra	A Pinguela	Hoxe 19:45h
1ª Cad. F	Zalaeta	Emevé	A Coruña	Mañá 12:15h
1ª Cad. M	Korbis	CV Vigo	A Pinguela	Mañá 10:00h
1ª Cad. M	Vila Castro	Emevé	Ourense	Mañá 10:00h
2ª Cad. F	Liceo	Ribeira Sacra	A Coruña	Mañá 13:00h
1ª Inf. F	Korbis	Ribeira Sacra	A Pinguela	Hoxe 18:00h
1ª Inf. F	Zalaeta	Emevé	A Coruña	Mañá 10:30h
1ª Inf. M	Korbis	Maniotas	A Pinguela	Mañá 12:00h
2ª Inf. F	Rianxo	Emevé	Rianxo	Hoxe 10:00h
2ª Inf. F	Liceo	Ribeira Sacra	A Coruña	Mañá 11:30h



# arenal

*con el deporte*

NUEVO PATROCINADOR OFICIAL CV EMEVE

♥  
*Voley*  
arenal



**!Únete al Club, súmate a la buena Vida!**

# O Parrulo Ferrol, Ribeira FS, Distrito Ventorrillo e Leganés FS, triunfadores do Terceiro Torneo de Nadal Clece

Lugo Sala volveu a organizar o campionato xa referente en Galicia e no territorio Nacional no que o Parrulo, na segunda fase e Casás na primeira, foron protagonistas

O pasado sábado clausurouse o III Torneo de Nadal de fútbol sala de base Clece, que organizou unha edición máis Lugo Sala ao longo de cinco días, entre o 28 e 29 de decembro coa disputa da fase autonómica, e do 2 ao 4 de xaneiro coa fase nacional nas que se citaron miles de rapaces e rapazas nun campionato xa tradicional en Galicia e España.

Os grandes triunfadores do campionato foron O Parrulo Ferrol, que se adxudicou o título en benxamines e alevíns, o Ribeira FS campión en categoría infantil, mentres que a cadete foi para o Distrito Ventorrillo FS e a xuvenil para o Leganés FS. Todos eles na Segunda Fase. Na primeira, Casás foi un dos nomes propios ao conseguir pasaporte para a fase final.

Lugo, con este Torneo, volveu a selo epicentro do fútbol sala de base nacional con cinco días nos que se volveu a demostrar que este deporte segue sendo un referente na Cidade e Provincial de Lugo.



FASE NACIONAL	
<b>BENXAMÍN Trofeo CVP Cerramientos Metálicos</b>	
Campión	<b>La Bellota O Parrulo</b>
Subcampión	<b>Moprisala Toledo</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Pazos (O Parrulo)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>G. Samino (M. Toledo)</b>
<b>ALEVÍN Trofeo Elucusbikes</b>	
Campión	<b>Carrís O Parrulo</b>
Subcampión	<b>Valladolid T. Galván</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Carballeira (O Parrulo)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>D. Turiel (Valladolid)</b>
<b>INFANTIL Trofeo Gutrei Galicia</b>	
Campión	<b>Ribeira FS</b>
Subcampión	<b>O Parrulo</b>
Trofeo mellor xogador	<b>M. Ferreiro (Ribeira FS)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>C. Giraldo (Ribeira FS)</b>
<b>CADETE Trofeo Seguros Cabo De Vila</b>	
Campión	<b>Ventorrillo FS</b>
Subcampión	<b>UD Las Rozas Boadilla</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Álvaro M. (UD Boadilla)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>A. Prego (Ventorrillo FS)</b>
<b>XUVENIL Trofeo Keeper Galicia</b>	
Campión	<b>CD Leganés FS</b>
Subcampión	<b>Keeper G. Lugo Sala</b>
Trofeo mellor xogador	<b>J. Costoya (Lugo Sala)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>Ordoñez (CD Leganés FS)</b>

FASE AUTONÓMICA	
<b>PREBENXAMÍN Trofeo Destellos</b>	
Campión	<b>Lugo Sala</b>
Subcampión	<b>CP Casás</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Pablo Arias (Lugo Sala)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>M. García (Lugo Sala)</b>
<b>BENXAMÍN Trofeo Huno Peluqueros</b>	
Campión	<b>Hércules FS</b>
Subcampión	<b>O Esteo</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Onuegbu (Hércules FS)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>L. Purriños (O Esteo)</b>
<b>ALEVÍN Trofeo Barbudos</b>	
Campión	<b>CP Casás</b>
Subcampión	<b>O Parrulo B</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Hugo C. (CP Casás)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>Unai N. (O Parrulo B)</b>
<b>INFANTIL Trofeo El Consulado Bar</b>	
Campión	<b>Hércules FS</b>
Subcampión	<b>Imafer O Parrulo</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Matías G. (Hércules FS)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>Jesús P. (I.O Parrulo)</b>
<b>CADETE Trofeo Muebles Blanco</b>	
Campión	<b>Grande Obra</b>
Subcampión	<b>Stellae FS</b>
Trofeo mellor xogador	<b>Roberto S. (G. Obra)</b>
Trofeo mellor porteiro	<b>Jhamil J. (G. Obra)</b>



# CB BREOGÁN

A **ÁREA DE DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO** e o conxunto celeste colaboran con Afalu para incidir na prevención das enfermidades neurodexenerativas



A Asociación de Familiares e Enfermos de Alzheimer (Afalu) estará presente no vindeiro partido do CB Breogán, o venres ante o CB Almansa, para sensibilizar á cidadanía sobre a importancia da prevención das enfermidades neurodexenerativas.

A entidade lucense, que leva dezaioito anos traballando na mellora da calidade de vida das persoas enfermas e das súas familias, será a protagonista da acción social prevista para o encontro no marco do convenio de patrocinio entre a área de Deportes e o CB Breogán e presentada esta mañá no Salón de Actos da Deputación Provincial.

Iria Franco, vicepresidenta de Afalu, explicou que "a labor preventiva é básica". "Está demostrado que cun traballo axeitado, no sesenta por cento dos casos poderíamos evitar ou atrasar o deterioro cognitivo que provocan este tipo de enfermidades", expuxo a representante da entidade, que conta cun centro de atención en Lugo e xestiona unidades terapéuticas en Vilalba, Friol e Rábade.

Representantes de Afalu repartirán información sobre o programa preventivo que desenvolve a asociación aproveitando o encontro do vindeiro venres no Pazo dos Deportes.

O deputado de Deportes, Efrén Castro, recoñeceu o traballo que desenvolve a asociación e

amosou a súa satisfacción por "contribuír á difusión desta mensaxe, que pode axudar a previr estas enfermidades e facer a vellez máis agradable para as persoas maiores e para as persoas que están ao seu coidado".

Na mesma liña, o director deportivo do CB Breo-

gán, Tito Díaz, subliñou que "o Breogán é parte de Lugo e axudar a todas as asociacións de Lugo é parte da súa tarefa diaria".

O encontro, o último da primeira volta para o club breoganista, disputarase ás 21:00 horas no Pazo dos Deportes.

